

*Me gustas cuando callas porque estás como ausente,
y me oyes desde lejos, y mi voz no te toca.
Parece como que los ojos se te hubieran volado
y parece que un beso te cerrara la boca.*

(...)

Pablo Neruda

Gustábasme cando calabas
porque estabas como ausente;
os teus ollos entornábanse, e centrábanse
na nada.
A túa man pousábase na queixada,
e o teu pulso, latía, coma a acompañada vida.

Tiñas a melena, longa, negra, ondulada, queda,
recollida ou solta; queda.
Tiñas a boca pechada,
por se os pensamentos escapaban
e voaban
cara a ouvidos non desexados.

Gustábasme cando calabas
porque a maldita agulla segundeira
parábase; ou parábala.
Ó igual que os meus ollos.

A túa man libre, quizais sobre a miña,
era cálida, ¿ou era fría? Non sei.
Pero eu non tiña frío, non tiña nada.
Ou si.
Tíñate a ti.

E agora,
non me gustas cando calas,
porque calas demasiado,
porque o tempo xa ten tragado
as túas palabras;
porque voaches coma as fadas
e calas
pra min.

(...)
*el futuro es un niño desnudo
y en consecuencia ufano imprevisible
cuando menos lo esperas
te coloca una rosa en la oreja
o te orina inocente la calva*
Mario Benedetti

Estamos na época dos brazos rotos
dos puños murchos
dos brazos tortos

Atopámonos no mundo da descomunicación
nunha época comunista
 porque o mal
 a inxustiza
 a guerra
 o oprimido
 a matanza
 a pobreza
é algo común en tódolos sitios

Resulta que vivimos no momento
 na época sen clases
pero iso non é un descubrimento
a morte nunca fixo distincións

Atafega saber a cantidade de cousas que pasan
e atafega saber a cantidade de xente que non se atafega

Albíscase algo real entre as tebras
que se nega e
alumease con fogos algo irreal
que se afirma

Esta tolemia
esta endemia
é a que nós ou eles
estamos a deixar pró futuro,
ese neno nu que cando menos o esperas
colócache unha rosa na orella
ou mexa inocente na túa calva
Pero nós non eles
loitaremos
por colocar no futuro
unha rosa na orella.